

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2011.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezoito horas do día sete de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 17 de outubro de 2011

Non habendo reclamacións, queda aprobada por unanimidade a acta de 17 de outubro de 2011.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE CONSTRUCCIONES ROUCO VIDARTE S.L. RELATIVO A PROXECTO BASICO E DE EXECUCION DE EDIFICACION PARA NAVE INDUSTRIAL SIN USO DEFINIDO NA PARCELA Nº 52 DO PARQUE EMPRESARIAL INDUSTRIAL DE CAMBA.-XOVE

Vista solicitude formulada por Construcciones Rouco Vidarte S.L. con CIF.-B27296375 con domicilio en c/ Plantío, 8 4º A (27850 Celeiro-Viveiro) para realización de obras de Proxecto Básico e de Execución de edificación para nave industrial sen uso definido na parcela Nº 52 do Parque Empresarial Industrial de Camba.-Xove. Expediente: 3624/11

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- A edificación que se pretende construír, de acordo coa documentación presentada, suscrita polo arquitecto técnico D. Tomas Rodríguez Rapa, sitúase dentro do área delimitada polo parque empresarial do polígono industrial de Camba, na súa parcela nº 51
- No proxecto, no seu apartado 1.2.4, memoria urbanística do proxecto, ocupación dos terreos, e plano de localización, certifícase por parte do técnico, autor de este, a adaptación do inmovible que se pretende, á vixente Normativa urbanística.
- Artigo 4.6. -parcelas de uso industrial e comercial, correspondente á normativa prevista no plan parcial aprobado para o Polígono industrial de Camba.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- De acordo coa descrición da memoria do proxecto, a nave non ten uso definido, polo que de según esta descrición a devandita actividade, ten características de inocua, se ben, no suposto que a actividade final estivese suxeita a informe de Medio Ambiente, se deberá tramitar o expediente correspondente.
- Así mesmo recórdaselle ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto

negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que debera cumprirse con todos os seus datos:

- Promotor das obras,
 - Construtor
 - N° de expediente de licenza.
 - Data de inicio e finalización das obras.
 - Técnicos directores de obra.
 - Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.
- Deberase presentar nas dependencias municipais, a designación de técnicos responsables de diferentes apartados de execución de obra, director de obra, director de execución e coordinador de seguridade.
 - Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización de acordo co Artigo 195.6 da lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
 - As obras e instalacións de medios auxiliares, para a execución dos traballos previstos no proxecto e licenza, dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
 - Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.
 - Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
 - Asemade de ser necesaria a instalación de grúa deberase presentar a solicitude da instalación correspondente.
 - De acordo cos apartados anteriores, e sen prexuízo de terceiros, infórmase favorablemente as obras que se solicitan.
 - Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente Acta de reformulo, para o que previamente se aportará plano de emplazamiento cos retranqueos correspondentes.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 105.908,75€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.118,18€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. JESUS ANTONIO SUAREZ OLIVER, RELATIVO A AMPLIACION DUN EDIFICO PARA HABILITACION DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN C/ APEADERO Nº 21-XOVE. PROXECTO BASICO.-

Vista solicitude formulada por D. Jesús Antonio Suárez Oliver con D.N.I nº: 33.994.257-G con domicilio en Avda. Diputación, 45 (27870 Xove) para realización de obras de ampliación dun edificio para habilitación dunha vivenda unifamiliar en c/ Apeadero Nº 21-Xove. Referencia catastral: 0380042PJ2308S0001ZF .- Expediente: 3445/11

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- 1º. -A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscriba polo arquitecto Don Jesús Fernández López, sitúase dentro da área

delimitada como Solo urbán do núcleo de Xove. Artigo 94. –Ordenanza 4ª.-Residencial aberta extensiva. Normas subsidiarias do Concello de Xove. Aprobación definitiva: 15 de marzo de 1994.-Núcleo urbán de Xove. -C/ Apeadero.

- 2º. -No proxecto presentado, xustifícase, no Apartado da Memoria urbanística mesmo, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización U-1, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.
- 3º.-Acompáñase anexo a memoria do proxecto no que se xustifica o cumprimento das condicións de habitabilidade. Cuadro comparativo dos diferentes apartados a cumprir, cos seus articulados e conceptos.
- 4º. -A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito no que se ubica.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As condicións de edificación adaptaranse ao previsto na Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro e a Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002.
- No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:
 - Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SE)
 - Co proxecto de execución deberase xustificar o cumprimento do código técnico no referente aos apartados de:
 - Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización. (DB-o seu).
 - Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HEI).
- Ao tratarse dun proxecto Básico, previo ao inicio das obras e antes da acta de reformulo, deberase presentar nas dependencias municipais, o correspondente proxecto de execución sen o cal non se poden iniciar as obras, así como a designación de técnicos responsables de diferentes apartados de execución de obra, Director de obra, Director de execución e Coordinador de Seguridade.
- Dito proxecto de execución deberá presentarse nas dependencias municipais nun prazo non maior de seis meses dende a data do outorgamento da licenza de obra.
- Coa achega do proxecto de execución achegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.
- Igualmente deberá aportarse plano da parcela claramente definida coa ubicación do inmovible para así poder cuantificar o cumprimento das condicións de deseño, calidade e sostenibilidade a o igual que a totalidade dos apartados I.D.1, tales coma os referentes a integración na paisaxe e no entorno, asleamento, luz natural e relación co espazo exterior da parcela, calidade ambiental e sustentabilidade, aforro enerxético e reciclaxe.
- Así mesmo e habida conta da situación da parcela, nunha zona de transición entre núcleo urbán e rústico, deberase realizar plano de reformulo claramente definido da situación da parcela e da edificación con respecto das diferentes delimitacións de cada área, e a superficie resultante de parcela edificable, de acordo coa normativa aplicable, e os correspondentes retranqueos a lindeiros e vial.
- Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura. Os devanditos documentos achegarase conxuntamente co proxecto de execución e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo.

- Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:
 - Parámetros urbanísticos aplicables.
 - Promotor das obras, construtor.
 - N° de expediente de licenza.
 - Data de inicio e finalización das obras.
 - Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico.
 - Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.
- Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a Normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras Administracións.
- Os retranqueos a vial, axustáanse ao previsto no Título V: Normas de Ordenación dos sistemas, Artigo 84 do Capítulo I. -Sistema viario, das Normas Subsidiarias en vigor do Concello de Xove.
- Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.
- A posible instalación de grúa para a execución das obras deberá dispoñer de licenza de obra independente, coa achega documental correspondente.
- Coa achega do Proxecto de Execución achegarase o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.
- Co Proxecto de Execución e Acta de reformulo, deberase dar así mesmo da empresa construtora das obras co seu C.I.F e dirección correspondente.
- Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
- Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, deberanse reflexar as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio público, e que quedará reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor.
- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio de 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación, toda vez que en ámbolos dous casos se encontra ubicada dentro de solo urbano, pódese conceder a licenza que se solicita. Infórmase favorablemente o proxecto presentado.
- **Observacións:** non se poderán iniciar as obras sen a aportación documental do proxecto de execución e o seu correspondente documentación adicional así como a obrigatoria acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento

do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 90.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 1.800,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

D.1)LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. PABLO BERMUDEZ GONZÁLEZ EN PUMARIÑO, 5 XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Pablo Bermúdez González con D.N.I nº: 76.556.436-Q con domicilio en Pumariño, 5 (27870 Xove) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.2)LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. FRANCISCO SALGUEIRO SOTO EN PENA, 2 XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Francisco Salgueiro Soto con D.N.I nº: 33.704.588-C con domicilio en Pena, 2 (27877 Xuances) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.3)LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A Dª LOURDES GONCALVES GONCALVES EN LAGO.

Vista solicitude formulada por Dª Lourdes Gonçalves Gonçalves con D.N.I nº: 46781466-H con domicilio en Vilar, 14 (27878 Lago) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.4) ESCRITO DE ASOCIACIÓN PRESTOXOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO PARA DOCENCIA MUSICAL 2011.

Vista solicitude da Asociación PrestoXove con domicilio en Colexio de Palmeiro, SN (27879 Rigueira) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 22.400€ na Xunta de Goberno Local de 14 de febreiro de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 22.400€.
- 2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 6.720€.

D.5) SOLICITUDE DE RENUNCIA NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO FORMULADA POR D^a REMEDIOS GONZÁLEZ VARELA.

Vista solicitude formulada por D^a Remedios González Varela con D.N.I. nº: 76.531.110-J con domicilio en Avda. Diputación, 70 (27870 Xove) no que expón que e beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar dende xaneiro de 2000 e que non está interesada en seguir beneficiándose do devandito Servizo, polo que solicita a súa renuncia no Servizo de Axuda a Domicilio que presta o Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Aceptar a petición de renuncia solicitada, e proceder á súa baixa dende o mes de novembro de 2011.
- 2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos
- 3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.6) SOLICITUDE DE D. SALADINO ROUCO VIDARTE PARA COLOCACIÓN DE CARTEL PUBLICITARIO FRONTE Ó POLIGONO DE CAMBA-XUANCES.

Vista solicitude de D. Saladino Rouco Vidarte, con DNI-33.307.143-S en representación da empresa Construcciones Rouco Vidarte S.L con CIF B-27.296.375 E domicilio na C/Plantío nº8-4º-A (27850 Celeiro.-Viveiro) para colocar un rotulo ou letreiro comercial de 2,00mx2,50m no Polígono De Camba, carretera LU-862 P.K 93,3 margen esquerda. Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

Tendo en conta que a Lei 4/94 de 14 de setembro, de estradas de Galicia establece no seu artigo 34.1 a prohibición de aquela publicidade que sexa visible dende as zonas de dominio público das estradas, e no seu artigo 34.2 establece que non se considera publicidade a efectos desta lei, os rótulos e letreiros comerciais que se dispoñan no edificio ou finca no que se desenrole a actividade anunciada.

Este técnico emite as consideracións seguintes:

- *1º.-Acompáñase a concesión de autorización para a colocación dun rótulo ou letreiro por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas, na súa Xefatura Territorial de Lugo, e o seu Servizo de Infraestruturas, con seu informe favorable, cos condicionantes consiguientes.*
- *2º.-No seu condicionado primeiro, o Servizo Provincial de Estradas emite o seguinte condicionado.” O rótulo ou letreiro solicitado, deberá estar situado nos inmobles nos que teña a súa sede o una súa inmediata proximidade dentro da finca na que se desenrole a actividade anunciada, sen que poida incluír comunicación adicional algunha tendente a promover a contratación de bens ou servizos”.*
- *3º.-Da visita practicada por parte de este técnico, pódose constatar que o letreiro atópase xa instalado, e non se adapta o condicionado primeiro do informe de licenza favorable emitido polo Servizo Provincial de estradas, toda vez que se ubica o abeiro da carretera e bastante alonxado da nave e parcela do solicitante ubicados en este polígono industrial de Camba.*

De acordo co exposto anteriormente, este técnico entende que se deberá desinstalar o mentado letreiro e volvelo a instalar de acordo coas prescripci3ns reflexadas na licenza outorgada polo Servizo Provincial de Estradas, na súa nave ou ben na súa parcela, entendendo asemade que xa no propio polígono existe letreiro informativo correspondente a cada unha das nave e parcelas que compoñen este polígono de Camba.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votaci3n ordinaria acorda a concesión de autorizaci3n instalar un novo letreiro de acordo coas prescripci3ns reflexadas na licenza outorgada polo Servizo Provincial de Estradas, na súa nave ou ben na súa parcela, debendo desinstalar o letreiro xa instalado.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e trinta e cinco minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesi3n, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

